



“Estamos cansos de que pensen por nós, de que nos etiqueten e dos prexuizos que existen”

Down Lugo celebra o seu 30º aniversario mesturando teatro e reivindicacións

Accións e actos locais nas sete cidades visibilizan as demandas do colectivo

Administracións, medios e o eido da educación apoian a campaña deste 21M

Índice

21M / Así foi o acto central do Día Mundial en Lugo	2
21M / Os actos locais enchen a xeografía galega	7
21M / “Non son eu, es ti”, a campaña deste ano	16
21M / Apoio de administracións, medios e o eido educativo	18
21M / O vaso térmico Down, o produto estrela deste 21M	20
‘A educación inclusiva non pode esperar polas administracións’	21
Down Galicia organiza unha xornada médica sobre persoas adultas	23
Actualizada a guía de orientación formativa e laboral	24
Fundación AMA premia Down Galicia no eido do Envellecemento	26
Obradoiro de vida independente de Down Lugo e a USC	27
Verónica consegue o seu soño, unha praza na Deputación	29
Down Compostela, recoñecida polo seu labor social	31
Xuntos participa no proxecto artístico ‘Voces Ocultas’	32
Adrián, de Down Coruña, incorpórase aos eventos do Deportivo	34
Séguenos, subscríbete e contacta	35

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



Divertido desfile inclusivo con Down Vigo



ESPECIAL 21M

As persoas coa síndrome de Down de Galicia reclaman tirar abaixo as limitacións e prexuízos impostos no Día Mundial da Síndrome de Down

O Auditorio da Facultade de Veterinaria de Lugo foi o escenario escollido por Down Galicia e Down Lugo para conmemorar un novo Día Mundial da Síndrome de Down e o 30 aniversario da entidade lucense. Nun acto que mesturou unha parte institucional con actuacións musicais e de teatro, as persoas coa síndrome de Down foron as verdadeiras protagonistas reclamando os seus dereitos.

Foron doce as persoas encargadas de dar lectura ao Manifesto pola Promoción da Autonomía Persoal, usuarias de Down Lugo e membros da sociedade lucense, dando así voz a todo o colectivo e facendo fincapé en que as persoas coa síndrome de Down, coma calquera outra, queren vivir a vida que elas elixan.

Fátima, Carla, Alba, Saúl, Marcos, Lucía, Área, Nazaret, Maruxa, Eduardo, Uxía e Iria demandaron ante todo o auditorio que “un cromosoma extra non pode ser a escusa para privarnos dos nosos dereitos. Temos dereito a participar, a sentirmos parte da nosa comunidade, a que se nos trate coma persoas adultas e a facer algo máis que fotocopias nos nosos traballos”. Pero tamén quixeron reivindicar que queren “tomar as nosas propias decisións. Estamos cansos de que pensen por nós, de que nos etiqueten, e de todos os prexuízos que existen”.

“A inclusión é un compromiso de todos e todas”

No acto, que levaba por título “21/3 Rodando a Vida” tamén interviñeron o alcalde de Lugo, Miguel Fernández Méndez; o delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo, Javier Arias Fouz; o deputado responsable da área de promoción económica e social da Deputación de Lugo, Pablo Rivera Capón; a presidenta de Down Lugo, María José Blanco Freire; e o presidente de Down Galicia, Delmiro Prieto González.

A presidenta de Down Lugo, María José Blanco, comezou a súa intervención agradecendo a asistencia de tódalas persoas alí presentes e destacando o percorrido da entidade que preside durante os seus 30 anos de existencia: “É imposible non sentir orgullo por todo o conseguido. Desde aqueles primeiros pasos dados por un grupo de nais e pais valentes, ata a realidade actual da nosa asociación: un espazo de apoio, de autonomía, onde cada persoa pode desenvolverse plenamente e ver respectados os seus desexos e opinións”. Así mesmo, Blanco quixo resaltar que “a inclusión non é só responsabilidade das entidades Down. É un compromiso de todos e todas. Das administracións, que deben garantir políticas públicas que eliminen barreiras e fomenten a igualdade de oportunidades. Das empresas, que deben apostar por modelos de emprego inclusivo. Dos colexios, que constrúen sociedades máis xustas e respectuosas. E, por suposto, de cada unha e cada un de nós”. Para finalizar, a presidenta de Down Lugo quixo agradecer a todas as persoas que loitaron a prol da inclusión durante todos estes anos, recordando que “unha sociedade inclusiva non é un regalo, senón un dereito”.

O presidente de Down Galicia, pola súa parte, quixo comezar a súa intervención felicitando a Down Lugo polo seu 30 aniversario e poñendo en valor “o gran traballo e o camiño percorrido nestas tres décadas”. Delmiro Prieto continuou o seu discurso poñendo de manifesto o moito que a sociedade avanzou nestes 30 últimos anos, pero destacou que “non se debe deixar de poñer o foco no moito que nos queda por avanzar porque o obxectivo non pode ser outro que chegar a conseguir a normalización das persoas coa síndrome de Down”.



Delmiro Prieto, no seu discurso



Abraham Cupeiro durante a súa actuación

O presidente da Federación quixo facer fincapé na campaña lanzada este ano por Down España, na que se exemplifica perfectamente “as barreiras que a sociedade impón, moitas veces de xeito inconsciente, ás persoas coa síndrome de Down”. Prieto concluíu incidindo en que “o máis importante é cambiar a mirada e non poñer límites ás súas capacidades porque é o único camiño para que leven a vida que escollan”.

Un acto inmersivo que volveu ao público a 1996

Ademais das intervencións das autoridades presentes, as persoas asistentes a este acto puideron desfrutar dun evento único, cheo de propostas diferentes. Este acto central, aberto a toda a cidadanía e concibido como un espazo de encontro e reivindicación colectiva, foi conducido pola Compañía de Teatro Down Lugo e o alumnado da Escola Palimoco Teatro Danza e combinou a parte institucional con outra máis lúdica.

O auditorio converteuse nun cine improvisado, homenaxeando ás salas que existían na cidade de Lugo en 1996, ano no que se crea Down Lugo, e facendo un guiño aos Premios Mestre Mateo que se entregan na cidade esta mesma noite.

Así mesmo, intercaladas entre o resto da programación, as persoas alí presentes puideron desfrutar tamén das actuacións de MJ Pérez, unha das voces do panorama actual da música galega e gañadora de múltiples premios, e de Abraham Cupeiro, artista lucense recoñecido internacionalmente pola súa capacidade para recuperar e reinterpretar instrumentos ancestrais.

Entrega dos XI Premios Down Galicia

A Federación Down Galicia entregou nesta ocasión os XI Premios Down Galicia, que teñen por obxecto recoñecer o labor a prol da promoción da autonomía e igualdade das persoas coa síndrome de Down, realizado tanto por institucións e entidades como por persoas particulares.

O premio na categoría institucional foille outorgado á Universidade de Santiago de Compostela, pola súa colaboración institucional a través do desenvolvemento de diferentes programas formativos levados a cabo en distintas facultades do Campus de Lugo nos que participaron numerosas persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Mentres, na categoría de persoa particular, o galardón recaeu en Alejandro Méndez Lázare, chef do restaurante “Os Cachivaches”, pola súa colaboración desinteresada con Down Lugo a través do desenvolvemento de diferentes actividades formativas no ámbito da autonomía doméstica e da organización da gala gastronómica solidaria “10 razones”.

O premio consiste nun recoñecemento simbólico e na entrega dunha figura representativa da imaxe Down realizada polo artesán galego Fernando Porto.



Os premiados posan xunto aos representantes Down



[ACCEDE ÀS FOTOS DO ACTO CENTRAL DO 21M!](#)



Toda Galicia se enche de eventos reivindicativos das entidades Down

As entidades Down de Galicia tamén realizaron ao longo da semana do 21M diversos actos locais polo Día Mundial da Síndrome de Down. As persoas usuarias e familias de Vigo, Compostela, Ourense, Pontevedra, Lugo e Ferrol saíron á rúa a reivindicar os seus dereitos e dar visibilidade.

Down Vigo despregou unha ampla axenda de actos

Down Vigo conmemorou un ano máis o Día Mundial da Síndrome de Down con diferentes actos que tiveron como obxectivo visibilizar a inclusión real e romper cos estereotipos que aínda permanecen na sociedade.

A axenda de actividades incluíu unha ampla variedade de eventos durante todo o mes, co obxectivo de demostrar o valor engadido que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais poden achegar a unha sociedade cada vez máis plural e inclusiva.


Como pistoletazo de saída, os días 13 e 14 de marzo participaron no evento solidario 'Héroes de Korriban', que este ano ía en beneficio de Down Vigo. Despois da exitosa edición do ano pasado, o centro comercial Vialia volveu acoller este evento, que consiste nunha exposición de cómics, un desfile de superheroes e un espectáculo dinámico por todo o espazo comercial.

Down Vigo tamén participou o pasado 17 de marzo na II Gala dos Premios Sociais da Deputación de Pontevedra cunha actuación na que a música e as artes escénicas foron as protagonistas. Ademais, o acto foi copresentado por Iván Giráldez, vicepresidente da entidade Down, xunto cun membro de Down Pontevedra Xuntos.

Un día máis tarde, o mércores 18, tivo lugar a presentación do libro 'Historias Emotivas', unha recompilación de relatos creados por persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais do servizo de Formación da entidade. A Biblioteca Xosé Neira Vilas, escenario dalgunhas desas historias, acolleu a presentación, aberta ao público xeral.

Por último, o venres 20 celebraron xunto a Decathlon e Discamino a cuarta edición do Desfile Inclusivo no centro comercial Vialia, unha cita que xa é tradición na axenda cultural viguesa. Na pasarela desfilaron persoas que asisten a Down Vigo e a Discamino, así como persoas traballadoras de Decathlon. O obxectivo era mostrar que calquera actividade física pode ser unha ferramenta de inclusión e desenvolvemento individual e colectivo.

Con todos estes actos, Down Vigo pretende que o Día Mundial da Síndrome de Down non sexa só un día máis, senón que sexa un símbolo de concienciación, inclusión e reivindicación da igualdade de oportunidades ante a diversidade.



Presentación do libro de Down Vigo (La Voz de Galicia)

Down Compostela entrega os seus premios anuais

“Ter síndrome de Down non é un problema, nin unha dificultade, nin un impedimento, nin unha limitación. A limitación tena quen pensa o contrario”, asegurou Mónica Otero, a moza con trisomía 21 que copresentou a gala de entrega dos Premios Down Compostela, cos que a Fundación recoñeceu o traballo de Carol Jean Gillanders e María José Caamaño, do CEIPP Os Tilos e de Balidea Consulting & Programing. Tanto Mónica Otero coma o presidente da Fundación, Juan Martínez, reclamaron “un cambio de mirada para conseguir unha sociedade máis inclusiva, máis tolerante e máis solidaria, da que todos e todas formemos parte de verdade”.

O acto celebrouse o venres 20 no Auditorio de Galicia ante máis de 300 persoas, presidido pola alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín; polo Conselleiro de Educación, Román Rodríguez; polo Reitor da USC, Antonio López, e pola deputada provincial de Servizos Sociais, Mar García Vidal.

O presidente da Fundación, Juan Martínez, reivindicou “un cambio de mirada na sociedade cara ás persoas con síndrome de Down” e discapacidade en xeral para “fixarnos nas súas capacidades, nos seus dereitos, nas súas posibilidades e no esforzo que fan cada día por superarse. Só deste xeito construiremos unha sociedade inclusiva, diversa, solidaria e avanzada na que todos teñamos as mesmas oportunidades”.

Durante a gala actuou o músico irlandés Simon Lewis, que comezou a tocar a trompa dende neno. Hoxe é trompa principal da Orquesta Sinfónica de Bilbao.

Durante a entrega de premios, Irene Rodríguez-Toubes lembrou que “debemos mirar as capacidades das persoas, e non a súa discapacidade”. Esta exalumna do CEIPP Os Tilos, ao que acudiu cos seus irmáns e veciños do barrio, recoñeceu o traballo de todo o profesorado deste colexio “e animámoslles a seguir traballando pola accesibilidade do currículo, por metodoloxías inclusivas e por unha escola para todos e todas”. Daniel Penalta entregoulla a man que simboliza os Premios Down Compostela á directora do CEIPP Os Tilos, Sofía Fernández Alonso, e á súa titora no centro, Ana María Agulla Escaneo.

Cristina Abalo asegurou que para ela e para Sara Romero traballar en Balidea “permítenos avanzar como persoas e ter unha mellor calidade de vida. Só lle podemos dar as grazas por non ter medo, por apoiarnos, por darnos a oportunidade e por confiar en nós e no equipo de Emprego con Apoio de Down Compostela. Para Sara e para min non é so un traballo. É ilusión, é forza, é autonomía que temos todos os días”, asegurou. Sara Romero entregoulle o premio a Pilar Gómez Bardanca, directora da área de Persoas de Balidea.

Pola súa banda, Carmen Romero agradeceu a Carol Jean Gillanders e a María José Caamaño o traballo conxunto entre a USC e Down Compostela. Tamén agradeceu a implicación do estudiantado de Maxisterio que participou na elaboración do conto musicado Case. “Cando colaboramos, todos aprendemos. Convertémonos en expertas contacontos e fixemos gozar ao alumnado do colexio Quiroga Palacios cando o representamos” asegurou. Amanda Castillo e María Mirás entregáronlle o premio a Carol Jean Gillanders e a María José Caamaño.

PREMIOS
DOWN COMPOSTELA 2026
DOWN
Compostela



Foto de familia cos premiados e autoridades no acto de Down Compostela

Xuntos realiza diversos actos na súa contorna

Down Pontevedra Xuntos quixo reivindicar a importancia da inclusión das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais coa realización de varias sensibilizacións na contorna pontevedresa.

O presidente de Xuntos, Manuel Pérez Cabo, destacou que “o Día Mundial da Síndrome de Down é unha xornada para reivindicar” e indicou que, como cada ano, as entidades Down queren “dar visibilidade á realidade das persoas con esta alteración cromosómica”. “Queremos que a sociedade vexa que os prexuízos que ten sobre as persoas coa síndrome de Down, crean barreiras que impiden a súa inclusión e que poidan vivir a vida que elas mesmas elixan”.

Sensibilizacións en centros educativos, de día e eventos

Co obxectivo de dar visibilidade ás capacidades das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, Xuntos está a participar durante estas semanas en distintas actividades divulgativas pola comarca.

Por un lado, profesionais e persoas usuarias da entidade estiveron realizando varias xornadas de sensibilización en centros educativos, onde fixeron fincapé na importancia de que todos os nenos e nenas compartan espazo nas aulas. Achegáronse ao CEIP A Escardía e ao CEIP Rosalía de Castro en Vilagarcía, á Escola Infantil El Grupo en Marín, ao CEIP Cabeiro e CEIP Quintela en Redondela, e ao CPR San José, CEIP Cabanas, Calasancio e CEIP San Martiño en Pontevedra.

Por outra banda, tamén realizaron unha sensibilización no Centro de Día “Lembranzas” de Vilagarcía de Arousa, onde evidenciaron o envellecemento prematuro e acelerado que presentan as persoas coa síndrome de Down, e reclamaron a necesidade de que poidan acceder aos recursos comunitarios existentes na sociedade a unha idade máis temperá.

Este ano, a entidade tamén participou o propio día 21 no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, unha actividade consolidada para a rapazada e as súas familias. Alí, profesionais e persoas usuarias da entidade fixeron un contacontos co obxectivo de sensibilizar sobre a importancia da inclusión das persoas coa síndrome de Down en tódolos ámbitos da sociedade.

Visibilización no Concello de Moaña

Un ano máis, o Concello de Moaña quixo contar con Down Pontevedra Xuntos para dar visibilidade a este Día Mundial da Síndrome de Down.

Así, ademais de colocar unha pancarta na balconada do Concello, a administración local iluminou o palco da música do municipio coas cores corporativas das entidades Down e organizou un acto no que persoas coa síndrome de Down leron o manifesto das entidades Down en Galicia para este ano 2026. Neste evento, tamén se puido desfrutar da actuación do grupo Airiños, do que forma parte unha persoa coa síndrome de Down.



Down Ourense sensibiliza en centros educativos

Con motivo do 21M, unha moza membro da asociación Down Ourense, en representación dos demais membros da entidade, reivindicou o pasado venres 20 de marzo os dereitos do colectivo cunha xornada de sensibilización no Colexio Plurilingüe Divino Maestro da cidade.

Nesta actividade, na que tamén participou o Director Territorial da Consellería de Política Social e Igualdade, Santiago Álvarez González, o alumnado de secundaria do centro educativo puido escoitar a historia de vida de Verónica Pardellas, que conseguiu que as persoas presentes se cuestionasen o que pensaban sobre a síndrome de Down.

Verónica falou sobre a súa experiencia laboral e o seu paso por diferentes postos de traballo ata que conseguiu un contrato indefinido. Porque tras 7 anos traballando no balneario Caldaria de Arnoia, Verónica acadou este ano un posto de ordenanza na Deputación de Ourense tras preparar oposicións ao mesmo tempo que desempeñaba as súas tarefas como auxiliar termal.

Pero esta non foi a única sensibilización realizada pola entidade durante esta semana. Así, o pasado mércores 18 visitaron o CEIP Curros Enríquez de Celanova, onde a través dun contacontos trasladaron ao alumnado de primaria do centro información sobre a síndrome de Down, traballando os mitos e as realidades existentes e tratando de romper estereotipos e prexuízos sobre o que poden e non poden facer as persoas con esta alteración cromosómica.

A importancia da sensibilización en etapas temperás

Desde as entidades Down quérese salientar a importancia de iniciar a sensibilización sobre a realidade da síndrome de Down desde idades temperás. Os nenos e nenas de hoxe serán as persoas adultas do futuro e, en boa medida, delas dependerá que a inclusión social se converta nunha realidade.

Nun momento vital como a nenez e a adolescencia, no que tanto as propias vivencias como as da contorna contribúen a formar a identidade, resulta clave transmitir á mocidade a situación de falta de oportunidades que afrontan moitas persoas coa síndrome de Down debido aos numerosos prexuízos que existen sobre as súas capacidades.

Visita do Delegado da Xunta de Galicia en Ourense

Dentro dos actos para conmemorar este Día Mundial, a asociación recibiu o mércores 18 a visita do Delegado Territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo Cid.

Durante o encontro, o delegado tivo a oportunidade de coñecer de primeira man as instalacións da entidade, así como o labor que o equipo profesional desenvolve diariamente para mellorar a calidade de vida das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e das súas familias. Ao longo da visita, as persoas responsables da entidade explicaron os distintos programas e servizos que ofrecen ao longo das diferentes etapas da vida.

LA ÚNICA BARRERA ES NO TENER OPORTUNIDADES



Lectura pública do manifesto en Ferrol

Teima Down Ferrol conmemorou o 21M coa lectura pública do Manifesto pola Promoción da Autonomía Persoal, celebrada nas escaleiras dun Teatro Jofre iluminado de azul e amarelo, as cores representativas das entidades Down en Galicia.

O texto foi lido por Manolo e Sara, dúas persoas coa síndrome de Down membros da entidade, nun acto que reuniu a familias, amizades e representantes institucionais, entre eles o alcalde de Ferrol, José Manuel Rey Varela, así como a edila de Benestar Social, Rosa Martínez.

Esta acción simbólica formou parte dunha iniciativa máis ampla na cidade, na que tamén se iluminaron as grúas de Bazán e a casa consistorial, contribuíndo a dar visibilidade á conmemoración e a reforzar o compromiso social coa inclusión das persoas coa síndrome de Down.

Ademais do acto institucional, membros de Teima Down Ferrol participaron durante estes días en diversos programas de radio, onde compartiron experiencias e reflexións arredor desta data, co obxectivo de sensibilizar á cidadanía e contribuír á eliminación dos prexuizos asociados a esta alteración cromosómica.





Fotograma dun dos spots

ESPECIAL 21M

As entidades Down de España lanzan a campaña #NoSoyYoEresTú

A modificación da Ley General de Derechos de las Personas con Discapacidad (1/2013) e da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia (39/2006) atópase en proceso de aprobación no Parlamento e, a pesar das críticas do movemento asociativo, o Goberno prevé a súa aprobación antes do verán.

Esta reforma, en palabras de Agustín Matía, director de Down España, “pretende ampliar servizos e modernizar o sistema de apoios, pero non garante dereitos clave para as persoas do colectivo pola falta de financiamento real, a posible perda de servizos de apoio ou a fenda territorial entre comunidades autónomas, xa que non establece un modelo estatal sólido”.

Neste sentido e con motivo do Día Mundial da Síndrome de Down, Down España reclama unha revisión lexislativa máis ambiciosa, que fomente unha sociedade inclusiva e garanta o dereito ao emprego, á educación de calidade e a unha vida digna para as persoas do colectivo.


Co obxectivo de interpelar á sociedade e ás Administracións Públicas e reivindicar respecto, xustiza e inclusión para as persoas do colectivo, Down España lanza a campaña #NoSoyYoEresTú.

Unha campaña que denuncia os prexuízos que a sociedade ten cara ás persoas coa síndrome de Down e que apela a un cambio de mirada que permita vencelos para ver que, detrás das persoas con esta discapacidade intelectual, tamén hai unha persoa traballadora eficaz, un estudante que se esforza en aprender, un paciente preocupado pola súa saúde ou unha persoa que necesita o seu espazo de intimidade e afectividade... exactamente igual que calquera outra persoa.

#NoSoyYoEresTú xira arredor de catro conceptos: “dificultade”, “impedimento”, “limitación” e “problema”. Catro conceptos que pretenden mostrar “as limitacións, impedimentos, dificultades e problemas” que a sociedade impón ás persoas coa síndrome de Down e que constrúen barreiras que impiden o desenvolvemento óptimo das súas capacidades e non facilitan a súa verdadeira inclusión.

Con #NoSoyYoEresTú, Down España quere reivindicar o dereito das persoas coa síndrome de Down a ter un traballo digno, unha educación de calidade en contornas inclusivas e a vivir de maneira autónoma, sen a carga da infantilización ou da sobreprotección.

A campaña componse de catro spots, protagonizados por Sara, Carlos, Ana e Martín, que amosan situacións cotiás relacionadas co emprego, a educación, a infantilización e a vida independente e que denuncian que “ter síndrome de Down non é un problema, o problema telo ti se pensas o contrario”.



Colaboracións para acadar a inclusión: Administracións, medios de comunicación e eido educativo axudan na sensibilización do 21M

Os principais monumentos das sete grandes cidades de Galicia conmemoraron o Día Mundial da Síndrome de Down grazas a colaboración das diferentes administracións.

A Cidade da Cultura, a ponte das correntes e a ponte do Burgo en Pontevedra, a ponte romana de Ourense, o Teatro Jofre en Ferrol, as casas do concello de Ferrol, Pontevedra e Covelo, as Fontes da Rúa Aragón en Vigo e a de Catro Camiños na Coruña, a Casa da Luz de Pontevedra, os edificios das Deputacións de Pontevedra e Ourense e o de San Caetano en Santiago de Compostela estiveron iluminados de azul e amarelo na tarde-noite do 20 e do 21 de marzo.

Implicación dos medios de comunicación galegos

Un ano máis, os principais medios de comunicación do país quixeron implicarse na visibilización das persoas coa síndrome de Down co gallo do 21M.

Televisións, radios e xornais impresos e dixitais deron cobertura aos eventos realizados pola Federación e as súas entidades, ademais de producir reportaxes e diferentes entrevistas.

Ademais, 14 dos principais xornais galegos colaboraron tamén co Departamento de Comunicación de Down Galicia para apoiar as súas campañas. Moitos deles publicaron un anuncio de sensibilización na súa versión impresa, mentres outros, coma Nós Diario, realizaron cobertura sobre as demandas realizadas neste Día Mundial.

Participación de centros educativos e universidades

Universidades e centros educativos galegos tamén quixeron colaborar na difusión deste Día Mundial da Síndrome de Down do 2026.

Deste xeito, as tres principais universidades galegas, USC, UVigo e Universidade da Coruña, difundiron o vídeo e a cartelería da campaña da Federación Down Galicia en moitas das pantallas das súas facultades. Ademais, enviaron tamén información por correo electrónico sobre a síndrome de Down e o labor de Down Galicia a gran parte do seu alumnado e profesorado.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, pola súa banda, enviou a tódolos centros educativos galegos información facilitada pola Federación, na que se achegaban recursos cos que poder traballar a realidade da síndrome de Down nas aulas.

Desde a Federación agradecemos a todos e todas elas a súa fundamental colaboración para a eliminación dos prexuízos asociados á síndrome de Down.



A Ponte das Correntes de Pontevedra, iluminada polo 21M

O vaso térmico de Down Galicia, o produto estrela deste 21M

Un ano máis, La Voz de Galicia colaborou con Down Galicia poñendo á venda un novo produto con motivo do Día Mundial da Síndrome de Down. Así, neste 2026 púidose adquirir un estupendo vaso térmico co que levar a inclusión contigo.

A venda deste produto ofreceu a todas aquelas persoas que o desexasen a oportunidade de colaborar de forma directa cos programas de inclusión e autonomía persoal que desenvolven as entidades Down en Galicia.



Imaxe da campaña do vaso térmico Down

Deste xeito, as persoas que estiveron interesadas en adquirir este vaso térmico tiveron que reservalo no seu quiosco a semana anterior ao Día Mundial, para poder recollela entre os días 16 e 22 de marzo por tan só 4,95€.

Este vaso térmico, feito de aceiro inoxidable, conta cunha dobre capa que conseguirá que a túa bebida se manteña fría ou quente durante varias horas. Ademais, ten unha tapa dosificador de seguridade e unha capacidade de 310 ml. O vaso perfecto para tomar unha bebida quentiña ou refrescante no teu día a día ou nas túas escapadas.

Ademais, presenta un atractivo deseño que busca implicar a toda a sociedade no obxectivo de incluír ás persoas coa síndrome de Down en tódolos ámbitos da vida. Porque depende de todas e de todos que poidan participar de forma activa en todas aquelas actividades que conforman o noso día a día: aprender na escola, desfrutar do ocio, traballar... O obxectivo está nas nosas mans.

Como cada ano, esta campaña pretende concienciar á sociedade e permitirlle aportar o seu gran de area para que as persoas coa síndrome de Down conten cos apoios necesarios e coas contornas adecuadas para levar unha vida autónoma, formando parte da súa comunidade de forma visible e activa, e demostrando as súas capacidades.

Esta iniciativa solidaria é posible grazas á colaboración desinteresada de La Voz de Galicia, que doará a Down Galicia o beneficio íntegro de cada vaso térmico vendido co seu xornal.

Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia: “Non se pode esperar polas administracións para que a inclusión educativa avance”

O pasado 24 de xaneiro conmemorouse a nivel mundial o Día Internacional da Educación, unha data promovida por Nacións Unidas que, neste 2026, pon o foco na escasa presenza das persoas mozas menores de 30 anos nos espazos de decisión educativa, a pesar de representar a máis da metade da poboación mundial.

Neste contexto, a Federación Down Galicia quere poñer sobre a mesa novamente a necesidade urxente de avanzar cara a un sistema educativo verdadeiramente inclusivo, sustentado nos principios de calidade, equidade, flexibilidade e respecto pola diversidade e que incorpore metodoloxías inclusivas e garanta os apoios necesarios para todo o alumnado.

A inclusión educativa real require contar cun número suficiente de profesionais especialistas que apoiem ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, pero tamén que o conxunto do profesorado dispoña da formación e das ferramentas necesarias para aplicar na aula prácticas que favorezan a participación e a aprendizaxe de todo o alumnado. Só así se evitará que ningunha persoa quede excluída do sistema educativo por razón da súa discapacidade.

Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia indica que, aínda non sendo suficiente se non vai acompañado dunha reforma do sistema educativo, “o futuro da educación inclusiva pasa agora mesmo pola implicación do profesorado e o tecido social, xa que non se pode esperar polas administracións para que a inclusión educativa avance”. Ademais, lembra que “a inclusión non é só estar presente, senón participar e aprender en igualdade de condicións”.

A educación inclusiva como dereito irrenunciable

Unha sociedade comprometida cos dereitos humanos debe contar con institucións capaces de garantir o dereito á educación inclusiva de toda a cidadanía, sen excepcións nin discriminacións. Isto implica asegurar que o alumnado estea presente nos centros ordinarios e que participe activamente nos procesos de aprendizaxe, recibindo os apoios necesarios.

A educación inclusiva supón un cambio de paradigma: abandonar o modelo rehabilitador para avanzar cara a un enfoque social, no que se recoñeza que as dificultades non residen nas persoas con discapacidade, senón nas barreiras físicas, organizativas e actitudinais que impón a propia sociedade. Son estas limitacións as que impiden unha resposta educativa axeitada ás necesidades de todo o alumnado.

Facer efectivo o dereito á educación implica garantir que nenos, nenas e persoas mozas teñan acceso a un ensino de calidade, en igualdade de oportunidades, nun sistema que valore a diversidade como un elemento enriquecedor e que acompañe a cada persoa no seu máximo desenvolvemento.

Desde hai máis de 25 anos, a Federación Down Galicia traballa para que todo o alumnado poida acceder á educación ordinaria en condicións de igualdade, reclamando os apoios necesarios, promovendo cambios no sistema e propoñendo solucións ás barreiras existentes. Ao longo deste tempo, a entidade vén denunciando que o sistema educativo español continúa a ser discriminatorio coas persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, incumprindo os tratados internacionais en materia de dereitos humanos.



Membro de Down Vigo nunha sesión de Inclusión Educativa

O dereito á educación inclusiva está recollido na Convención Internacional da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, que no seu artigo 24 establece a obriga dos Estados de garantir un sistema educativo inclusivo en todos os niveis. Esta Convención, ratificada en 2008 e aprobada por unanimidade no Parlamento galego, ten carácter vinculante e é de obrigado cumprimento no noso país.

O Congreso de Down Galicia salienta a inclusión

A Federación Down Galicia organizou o pasado mes de outubro en Santiago de Compostela o Congreso “Construíndo o futuro da educación: un dereito para todos e todas”, no que arredor de 400 participantes -entre familias e profesionais educativos- reflexionaron sobre os retos e oportunidades da educación inclusiva. Durante dúas xornadas abordáronse temas como o Deseño Universal para a Aprendizaxe, a neurodiversidade e experiencias de boas prácticas en distintos niveis educativos, insistindo na importancia de crear aulas e centros onde todo o alumnado poida aprender, participar e sentirse parte da comunidade escolar.

As conclusións do congreso deixaron claro que a inclusión educativa só será unha realidade cando ningunha familia teña que loitar polo dereito á educación do seu fillo ou filla. Ademais, subliñouse que non se deben poñer escusas para garantir a inclusión, o que require decisións valentes das administracións, como a reconversión dos Centros de Educación Especial a centros de recursos nun sistema educativo único.

Down Galicia organiza unha xornada sobre a atención médica ás persoas adultas coa síndrome de Down en Santiago

Down Galicia celebrará o venres 8 de maio a xornada “Atención médica a persoas adultas coa síndrome de Down”, un encontro que terá lugar pola tarde, en Santiago de Compostela, nun espazo que será confirmado nos vindeiros días. O acceso será gratuíto previa inscrición, que se abrirá en abril. Toda a información estará dispoñible en breve en downgalicia.org.

Esta iniciativa ten como principal obxectivo mellorar o coñecemento e a práctica clínica arredor da atención sanitaria, poñendo o foco nas súas necesidades específicas ao longo da vida adulta e no proceso de envellecemento.

A xornada está dirixida a profesionais sanitarios de atención primaria e dos servizos hospitalarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, así como a asociacións e colexios profesionais do ámbito sanitario. O encontro tamén está aberto á participación de profesionais da sanidade privada e de entidades do ámbito sociosanitario.

O programa contará coa intervención do doutor Fernando Moldenhauer, responsable da Unidade de Atención a Persoas Adultas coa Síndrome de Down do Hospital Universitario da Princesa (Madrid), quen achegará recomendacións clave para a promoción da saúde e a atención médica deste colectivo.

Ademais, a Comisión de Envellecemento de Down Galicia compartirá o traballo desenvolvido durante a última década neste ámbito, centrado na mellora da calidade de vida das persoas coa síndrome de Down a medida que medran.

Ao remate da xornada, as persoas asistentes poderán compartir un espazo de encontro e intercambio nun pequeno aperitivo, favorecendo así a creación de redes e o diálogo entre profesionais.



SESIÓN FORMATIVA

**Atención médica a
persoas adultas coa
SÍNDROME DE DOWN**



VENRES 8 DE MAIO
DE 17:00 A 20:00 HORAS
SANTIAGO (PENDENTE DE UBICACIÓN)

INTERVIRÁN

- Dr. **Fernando Moldenhauer** (Responsable da Unidade de Atención a Adultos coa Síndrome de Down do Hospital La Princesa - Madrid)
- **Comisión de Envellecemento de Down Galicia**

DOWN
Galicia

Down Galicia actualiza a súa 'Guía de orientación' para facilitar o plan académico e laboral

A Federación vén de publicar unha nova reedición da súa “Guía de Orientación Académica e Profesional para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual”, un completo documento no que aquelas persoas que o desexen poderán atopar información moi útil sobre as diferentes opcións existentes en Galicia en relación a estes dous eidos.

Esta guía foi creada co obxectivo de facilitar ás persoas pertencentes a este colectivo a busca dos mellores camiños e alternativas formativas e profesionais posibles, podendo tomar a continuación unha decisión de forma reflexionada.

Neste sentido, o seu contido está encamiñado tanto a simplificar a elección dos itinerarios académicos, se o desexo é continuar no sistema educativo, como a facilitar a inserción laboral e profesional de quen rematou a súa formación.

A información preséntase dunha forma clara e sinxela e está dividida ao redor de dous grandes bloques: as opcións de formación e as alternativas e modalidades de emprego que as persoas con discapacidade teñen á súa disposición. Deste xeito, esta guía contén referencias sobre as formas de acceso, as saídas profesionais, a duración ou as modalidades das diferentes opcións formativas e profesionais, así como unha serie de interesantes recursos especificamente dirixidos ao colectivo.

A importancia da orientación

Entre as dificultades máis relevantes coas que a miúdo se atopan familias e persoas con discapacidade intelectual á hora de elixir entre as diferentes alternativas formativas e profesionais, está a de non dispoñer dunha serie de criterios que lles axuden na toma de decisións e na configuración dun itinerario formativo e/ou laboral a seguir. De aí a importancia da orientación académica e profesional como unha das principais ferramentas facilitadoras de inserción socio-laboral e do traballo conxunto entre persoas con discapacidade, familias e servizos de orientación.

A idea principal da que debemos partir é que as persoas con discapacidade intelectual teñen as mesmas necesidades de orientación que calquera outro cidadán ou cidadá, simplemente que adaptada ás súas necesidades.

É por iso que esta guía foi elaborada, por un lado, como un recurso que axude tanto ás persoas pertencentes a este colectivo como ás súas familias a decidir sobre o seu futuro académico-profesional e, por outro, como un material de referencia no desempeño das tarefas de todos aqueles profesionais que traballan neste eido da información, orientación e asesoramento.

[Accede á Guía de Orientación](#)



A Fundación A.M.A. volta premiar o proxecto de Envellecemento de Down Galicia no Premio Mutualista Solidario

Down Galicia foi galardoada o pasado 27 de febreiro no XII Premio Mutualista Solidario que entrega anualmente a Fundación A.M.A., que nesta ocasión repartiu 60.000 euros entre os nove proxectos agraciados. O labor da Federación xa foi recoñecido pola organización en varias edicións, destacando o actual programa, que xa fora premiado na edición do ano 2024.

O galardón, dotado con 5.000 euros, premia o proxecto “Intervención no proceso de envellecemento de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual”, cuxo obxectivo principal é promover o envellecemento activo nas persoas adultas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, asegurándolles maiores oportunidades de incrementar, manter e actualizar aquelas competencias que favoreza, fomenten a súa independencia e autonomía persoal.

Para a consecución do obxectivo marcado neste proxecto lévanse a cabo distintas actividades, como a valoración do proceso de envellecemento das persoas usuarias, a elaboración dun plan individual de intervención, a avaliación e seguimento do envellecemento, a atención e o apoio psicosocial a familias e a coordinación con recursos socio-sanitarios da contorna comunitaria.

Envellecer é un proceso natural para todas as persoas, mais non deixa de ser unha conquista para as persoas coa síndrome de Down. De feito, nas últimas décadas aprecíase un espectacular aumento da súa esperanza de vida, superando en moitas ocasións os 60 anos. É por iso que empezamos a atoparnos nestes momentos cunha poboación maior de persoas adultas que mostran cambios prematuros relacionados coa idade e novas necesidades físicas, psíquicas, cognitivas e sociais ás que debemos dar resposta.

Para Down Galicia falar de envellecemento é falar de retos, pero tamén de futuro. A sociedade debe proporcionar ás persoas maiores con discapacidade as oportunidades que lles permitan ser o máis autónomas posible, gozar de boa saúde e ser produtivas, fomentando así o benestar e creando contornas ambientais máis propicias e favorables. É dicir, capacitar en lugar de xerar unha dependencia innecesaria.

O Premio Mutualista Solidario é unha convocatoria dirixida a identificar e apoiar proxectos propostos polos mutualistas de A.M.A. e co fin de mellorar a calidade de vida de colectivos en risco de exclusión social. Tal e como establecen as bases, os proxectos seleccionados debían estar relacionados co coidado da saúde, a atención sanitaria e a promoción de hábitos de vida saudables, con especial atención a colectivos en situación ou risco de exclusión social.

Down Lugo impulsa a 3ª edición do Obradoiro de Vida Independente co alumnado de Enfermaría e Xestión Cultural da USC

A asociación Down Lugo vén de iniciar a terceira edición do Obradoiro de Vida Independente coa Universidade de Santiago de Compostela. Unha iniciativa formativa pensada para promover a autonomía persoal, a autoestima e a participación activa das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais na vida comunitaria. Esta acción realízase en colaboración cos graos de Enfermaría e de Xestión Cultural, no marco do programa de Voluntariado do Campus de Lugo.

O obradoiro, que se desenvolve na Facultade de Enfermaría da cidade amurallada todos os xoves, arrincou o 29 de xaneiro e prolongarase ata o 30 de abril, configurándose coma a edición de maior duración –tres meses– e con maior participación desde a súa posta en marcha.

Nesta edición participan 5 persoas usuarias de Down Lugo xunto con 14 estudantes dos graos de Enfermaría e de Xestión Cultural, superando o número de alumnado implicado nos anteriores cursos e reflectindo o éxito da colaboración entre a entidade e a universidade. Ademais, están implicados catro docentes, dous de cada grao, que coordinan a acción formativa xunto ao equipo profesional da asociación.

Un espazo de aprendizaxe compartido

O obradoiro artellase arredor de sesións semanais centradas en temas fundamentais para a vida independente, integrando contidos sobre autonomía persoal, saúde e vida cultural. A metodoloxía inclúe accións e entrevistas preparadas conxuntamente entre o alumnado universitario e as persoas usuarias, así como visitas a espazos comunitarios, como o Hospital Universitario de Lugo (HULA), onde se traballa a sensibilización para garantir un trato en igualdade de condicións e o respecto aos dereitos das persoas con discapacidade.

Esta actividade supón un espazo de traballo de igual a igual onde o alumnado universitario e as persoas usuarias aprenden xuntos, compartindo experiencias e construíndo novos coñecementos desde a diversidade. Grazas a esta dinámica, as persoas tamén aplican estes aprendizaxes fóra do obradoiro: acoden á facultade en autobús urbano e participan nos descansos na cafetería do campus, convivindo con outras e outros estudantes e vivindo experiencias de inclusión na práctica.

O Obradoiro de Vida Independente, fortalecido tras dúas edicións previas, constitúe un exemplo de colaboración interxeracional e interdisciplinaria entre a asociación Down Lugo e a USC, e reafirma o compromiso de ambas institucións coa creación de espazos que favorezan a inclusión social, a formación en valores e a aprendizaxe ao longo da vida.



Foto de familia das persoas participantes no proxecto

Verónica cumpre o seu soño e consegue praza como ordenanza na Deputación de Ourense

Verónica xa é oficialmente ordenanza da Deputación de Ourense. Esta ourensana coa síndrome de Down de 40 anos tomou posesión o pasado 16 de xaneiro na sede provincial situada na rúa Progreso, nun acto presidido pola vicepresidenta da Deputación de Ourense, Marta Novoa.

Este nomeamento supón a culminación dun camiño de esforzo, constancia e ilusión que esta membro de Down Ourense iniciou hai 10 anos, no ano 2016, cando comezou a prepararse para acceder a unha praza como ordenanza ou subalterna na administración pública. Agora consegue facer realidade un soño que compartía coa súa familia e co equipo de profesionais que a acompañaron durante todo este proceso.

A praza obtívose a través do proceso selectivo extraordinario de estabilización do emprego público correspondente ao ano 2024, dirixido a persoas con discapacidade intelectual. Trátase dun procedemento por concurso de méritos, sen probas nin exames, no que se valorou a traxectoria formativa e laboral das persoas candidatas. No mes de novembro de 2025 publicouse o nomeamento oficial de Verónica como beneficiaria da praza.

Ao longo destes anos, Verónica presentouse a todas as oposicións de ordenanza do Estado e de subalterna da Xunta de Galicia, logrando superar os procesos selectivos,

aínda que sen conseguir praza ata agora. Ademais, continuou ampliando a súa formación, obtendo o CELGA 3 tras preparar galego e presentarse ao exame correspondente. Xunto ás sesións de preparación en Down Ourense, contou tamén cunha preparadora externa unha ou dúas veces por semana. Este último ano, animouse incluso a probar un novo perfil profesional e comezou a preparar a oposición de celadora.

Ata a súa incorporación á Deputación, Verónica traballaba con carácter indefinido no Balneario de Arnoia como auxiliar termal, posto que desempeñaba desde o ano 2022 cunha xornada semanal de 15 horas. Vive nesta vila termal, a tan só 10 minutos do seu anterior emprego, mentres que agora debe desprazarse diariamente a Ourense, cun traxecto de entre 20 e 30 minutos. A súa familia, que a acompaña neste desprazamento, tivo claro desde o primeiro momento que non se trataba dun inconveniente, senón dun paso fundamental para cumprir o seu soño.

Coa nova praza, Verónica inicia unha etapa de xornada completa e estabilidade laboral, un cambio que repercute directamente na súa autonomía e estabilidade persoal. “O lugar de traballo é tranquilo e os compañeiros son moi riquiños, estanme axudando e traballamos en equipo”, explica Verónica tras os seus primeiros días no posto. “Agora tócame ir aprendendo pouco a pouco as tarefas, e saber que é un posto fixo para sempre faime estar tranquila”, reflexiona.



Verónica no seu posto de traballo

Os Premios Alfredo Iglesias 2026 recoñecen o labor social de Down Compostela

A Fundación Down Compostela recibiu o recoñecemento á Acción Social nos Premios Alfredo Iglesias 2026, que se entregaron o pasado 16 de xaneiro no Hotel Congreso de Teo. Estes galardóns, que celebran a súa quinta edición, salientan a traxectoria de persoas e organizacións que contribúen de xeito destacado á cultura, á lingua e ao compromiso social no en Galicia.

O xurado destes premios, impulsados polo teense Álex Regueiro en lembranza do creador Alfredo Iglesias, distinguiu a Down Compostela no eido social polo traballo continuado da entidade a favor da inclusión e da visibilidade das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual.



Premiados nos Alfredo Iglesias 2026

Este recoñecemento súmase ao labor diario da organización, que loita pola participación plena das persoas usuarias en todos os ámbitos da vida.

Na gala, á que asistiron un amplo número de representantes culturais, sociais e institucionais, tamén recibiron premios outras figuras e proxectos en áreas como as artes, o patrimonio, a ciencia e o compromiso social. A presenza de Down Compostela nesta relación de premiados refrenda o papel transformador da entidade no tecido galego.

Para Down Compostela, este galardón supón un impulso adicional para seguir promovendo a inclusión, o desenvolvemento de competencias e a visibilidade das persoas con síndrome de Down. A entidade quere compartir este recoñecemento con todas as familias, profesionais e persoas usuarias que fan posible cada día unha vida máis activa e autónoma.

Os Premios Alfredo Iglesias 2026 recoñeceron a Casa Museo Rosalía de Castro (Acción Cultural), Museo do Pobo Galego (Acción Patrimonial), Fundación Down Compostela (Acción Social), Leila Nachawati (Acción Solidaria), Fuco Reyes (Arte), Idoia Cuesta (Artesanía), Eris Mackenzie (Artista Revelación), Jorge Mira (Ciencia), Tareixa Navaza (Comunicación), Paula Carballeira (Escrita), La Central Heladera (Gastronomía), Kiko da Silva (Ilustración), José Luis Míguez (Memoria), Katuxa Platero (Moda), Wöyza (Música), Marisa Prisa (Personaxe Revelación), Esther Estévez (Promoción da Lingua) e, en Traxectoria, Maca Reimóndez e Carmen Fernández.

Down Pontevedra Xuntos participa no proxecto “Voces Ocultas” para impulsar a creación artística e musical

Catro persoas usuarias de Down Pontevedra Xuntos participan este ano no proxecto “Voces Ocultas”, unha iniciativa de creación artística, musical e cultural posta en marcha por Estudo Bonobo coa colaboración do Concello de Pontevedra.

O proxecto conta coa implicación de 20 persoas procedentes de cinco entidades sociais da cidade do Lérez e nace co obxectivo de promover a inclusión, a formación e a profesionalización no ámbito das artes e do audiovisual, tendo como protagonistas ás persoas con diversidade funcional.

“Voces Ocultas” retoma e amplía unha experiencia iniciada en 2016, evolucionando cara a unha aula de formación continuada en disciplinas como música, son, fotografía, artes plásticas e creación literaria. A proposta estrutúrase en diferentes módulos formativos, sendo o de son e música o seu eixo central.

Neste marco, as persoas participantes formarán parte dunha agrupación musical inclusiva orientada á realización de actuacións en directo e á creación dun futuro circuío de concertos. Ademais, chegaranse a ámbitos como a composición de bandas sonoras para audiovisuais ou videoxogos, a música para publicidade e eventos ou a produción cultural.

O obxectivo é claro: potenciar as capacidades artísticas e creativas das persoas con discapacidade intelectual, romper estereotipos e xerar oportunidades reais no eido cultural e laboral.

Sensibilización nas aulas e traballo en rede

O proxecto incorpora tamén unha vertente de sensibilización social a través da elaboración dunha unidade didáctica dirixida a institutos de educación secundaria. Esta iniciativa permitirá achegar ao alumnado a realidade das persoas con diversidade funcional, fomentar a interacción directa coas persoas participantes e dar a coñecer o proceso creativo desenvolvido.

A presentación pública do traballo realizado terá lugar nun concerto previsto para finais de maio ou comezos de xuño, no que as persoas integrantes de “Voces Ocultas” poderán compartir co público o resultado desta primeira fase.

Este tipo de iniciativas comunitarias favorecen a visibilidade, a expresión artística e o desenvolvemento persoal das persoas usuarias, ao tempo que contribúen a construír unha sociedade máis inclusiva, na que todas as persoas teñan voz.



Unha das sesións de "Voces Ocultas"

Adrián incorpórase como auxiliar de eventos nos partidos do Deportivo grazas ao programa de emprego de Down Coruña

Adrián, participante do programa de Emprego de Down Coruña, vén de iniciar a súa andaina profesional como auxiliar de eventos nos partidos que o Deportivo da Coruña disputa na cidade herculina. Esta oportunidade forma parte dos itinerarios de inclusión sociolaboral que impulsa a asociación coa colaboración da empresa MUI.



Adrián no seu posto de traballo

No mes de novembro, Adrián foi contratado para realizar un primeiro servizo vinculado á organización de eventos. Tras esta experiencia inicial, a valoración do seu desempeño foi moi positiva, o que permitiu ampliar a súa colaboración e incorporarse tamén ao dispositivo dos partidos do Deportivo da Coruña.


Na actualidade, desenvolve tarefas de acollida e orientación ao público na zona 1906 e nos palcos de honra, contribuíndo a que a experiencia das persoas asistentes sexa máis cómoda e accesible. O seu labor facilita o movemento seguro dentro do estadio e o seu compromiso e motivación fanse patentes no día a día.

O proceso de incorporación estase a realizar con apoio das preparadoras laborais do programa, que acompañan a Adrián na adquisición de rutinas e habilidades profesionais. Esta iniciativa encadra a súa experiencia nun proxecto máis amplo de Down Coruña, que busca favorecer itinerarios personalizados de emprego e fortalecer as competencias para o acceso ao mercado laboral ordinario.


Con accións como esta, a asociación reafirma o seu compromiso coa inclusión efectiva e a xeración de oportunidades reais para persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, promovendo a súa participación activa na sociedade galega.

Séguenos

DownGalicia.org 

Facebook.com/DownGalicia 

X.com/DownGalicia 

Instagram.com/DownGalicia 

Youtube.com/DownGalicia 

Flickr.com/DownGalicia 

Subscríbete

[Recibe a Revista de Down Galicia no teu correo!](#) 

Contacta

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo **comunicacion@downgalicia.org**.

Subvencionado por

[Consulta a nosa política de privacidade](#)



DOWN
Galicia

Foto de familia do equipo que fixo posible o acto do 21M en Lugo